# Creando contidos I

## Contido

Recursos en moodle: xeneralidades. ....................................................................................................2

Engadir unha etiqueta..........................................................................................................................2

Engadir un obxecto multimedia utilizando una etiqueta ......................................................................5

## Recursos en moodle: xeneralidades.

En moodle temos unha grande variedade de recursos cos que encher de contido o noso curso. Se optamos por un organización do mesmo en temas, o corpo central deste estará constituído por recursos transmisibles do tipo apuntamentos, presentacións, vídeos, animacións, etc. Sen embargo, temos outra serie de recursos interactivos e avaliativos moi interesantes (que permitirán ao alumnado ter unha idea dos seus progresos de xeito inmediato (e a nós tamén, claro). Igualmente disporemos de recursos colaborativos que axudarán ao alumnado nas súas tarefas e a sentirse parte dun grupo aínda estando só diante do seu ordenador. *Este esquema é o que desenvolveremos por ser o máis próximo ao tradicional das nosas clases presenciais.*

Calquera que sexa o tipo de recurso que utilicemos, pode estar formando parte da propia estrutura de moodle (aloxado no servidor) ou ser un recurso externo que enlazamos puntualmente. O primeiro caso é moi recomendable xa que os recursos estarán dispoñibles sempre, mentres que no segundo dependemos da dispoñibilidade que teña (servidor bloqueado, cambio de enderezo, necesidade de plug-in, etc.). Sen embargo, non sempre é posible utilizar recursos internos e en algúns casos pode producirse saturación do noso propio servidor.

## Engadir unha etiqueta.

Os temas creados automaticamente, unha vez configurado o curso, só teñen un número polo que será moi conveniente que lle poñamos un título.

Para isto debemos activar a edición premendo no botón ao efecto na parte superior dereita da pantalla.




Aparecerán toda unha serie de iconas a carón dos distintos menús, bloques, módulos ou temas. Tamén serán visibles os menús despregables para incorporar os distintos recursos.




Estas iconas teñen os seguintes significados:

| Icono | Nombre | Acción |
|---|---|---|
| | Edición | Modificar cualquier actividad o recurso, que esté junto a él, desde su página de configuración |
| | Ayuda | Muestra la ayuda en una ventana emergente |
| | Ocultar | Oculta algo, lo hace invisible a los participantes y cambiará el icono al ojo cerrado. |
| | Mostrar | Muestra un elemento oculto, lo hace visible a los participantes y cambiará el icono al ojo abierto. |
| → | Indentar | Tabular los elementos del curso. Al tabular nos aparece el icono flecha izquierda |
| | Mover | Desplaza los elementos hacia arriba o hacia abajo en el curso |
| → | Mover aquí | Aparece solamente después que hacer clic en el icono de Mover, e indica el destino del elemento que está moviendo |
| × | Eliminar | Suprime permanentemente algo del curso después de su confirmación desde la página de advertencia |
| | Marcar | Señala la sección como actual. |
| | Única sección | Muestra sólo la sección actual ocultando el resto de las secciones o temas del curso. |
| | Todas las secciones | Muestra todas las secciones del curso |

Prememos na icona de edición que está a carón do número do tema...



… e aparecerá o formulario de edición.




Poñemos un título e dámoslle ó botón "Gardar modificacións".

Agora imos engadir o noso primeiro recurso, a **etiqueta** que é o máis sinxelo. Consiste nun pequeno fragmento de texto, imaxe, ligazón, etc. utilizando HTML. Normalmente utilízase como separador dos distintos apartados que teña o tema (ou dos distintos tipos de recursos). Noutros casos utilízase para introducir no corpo central do tema unha presentación ou un vídeo.




Para facelo debemos ter activada a edición. Logo só temos que escoller ***etiqueta*** no menú despregable "engadir recurso" e aparecerá unha fiestra de edición semellante á do título. Introducimos o texto desexado e prememos no botón "gardar e volver ao curso".

## Engadir un obxecto multimedia utilizando una etiqueta

Se o que queremos é introducir un vídeo de youtube ou unha presentación tipo slideshare, deberemos copiar primeiro o código html que nos permite incrustar este obxecto na etiqueta. Isto faise do seguinte xeito:

1. Buscamos o vídeo ou presentación que nos interese na internet.
2. Nesta páxina localizamos a opción de compartir que normalmente terá dúas opcións; copiar o enlace e copiar o código html para incrustar o obxecto. Esta última é a que nos interesa.










3. Logo de copiar ese código volvemos á aula virtual e inserimos unha etiqueta.
4. No formulario de edición prememos na icona <> para activar html.




5. Pegamos agora o código copiado.



6. Finalmente gardamos.

Se fixemos todo ben aparecerá o obxecto directamente no noso curso.




Preme no enlace para acceder ao videotitorial:

[http://youtu.be/xPUyYwuqjf0](http://youtu.be/xPUyYwuqjf0)